ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN

ESPAZO LECTURA

CAPÍTULO I
SOBRE A ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.
1. Constitúese «Espazo Lectura», unha asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, apartidaria, independente de calquera outra entidade, e con personalidade xurídica propia en réxime de autonomía e ao abeiro da lexislación vixente (especialmente, a Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo).

2.- A asociación rexerase polos devanditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.
1. O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade Gondomar, barrio da Areosa, 6A, Donas, C.P. 36388. O seu teléfono de contacto é o 619.29.29.91 e o correo electrónico é espazolectura@gmail.com. Ademais, a asociación ten un enderezo web na páxina http://espazolectura.blogspot.com.

2. Poderanse empregar outros locais asociativos –na mesma ou noutras localidades– mediante acordo da Xunta Directiva.

Artigo 3º.
1. A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, prestando unha atención concreta e específica ao Val Miñor, lugar onde se ubica o domicilio social da Asociación.

2. O cambio de domicilio requirirá acordo da Asemblea Xeral e a modificación dos presentes Estatutos. O acordo da Asemblea Xeral deberá ser comunicado ao Rexistro de Asociacións o antes posible e só producirá efectos, tanto para os asociados e asociadas como para os terceiros, desde que se produza a inscrición.
3. O galego será a lingua vehicular da Asociación, que será empregada tanto no funcionamento interno, nos labores administrativos, como para a comunicación, para as actividades, e para calquera tipo de representación pública.

Artigo 4º.
1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados e asociadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.
1. A asociación Espazo Lectura ten como finalidade o fomento e a animación á lectura, así como calquera outro tipo de fin que teña que ver coa promoción da lectura e do libro como referente de benestar social e coa consideración do libro como elemento socializador, indispensable para elevar o nivel educativo, a conciencia crítica, a capacidade analítica e, en definitiva, a calidade de vida e o ocio das persoas.

2. A asociación Espazo Lectura fundamentará a base do seu traballo no fomento da lectura en lingua galega e no apoio ao libro galego, obxectivo que deberá centrar as principais actividades da asociación.

3. Entre os obxectivos da asociación Espazo Lectura está o de prestar unha atención moi singular e constante á lectura en lingua galega, na medida en que a lectura na lingua propia de Galicia vive unha situación desfavorable provocada por circunstancias históricas. Nese sentido debe ser vontade da asociación a de

fortalecer e promover a lectura en lingua galega, así como a presenza e coñecemento do libro galego por parte da cidadanía, entendendo que este é un proceso parello ao da normalización lingüística e ás políticas de fomento de uso, emprego e dignificación da lingua galega.
Tamén será especial obxecto de atención por parte da asociación o fomento lector en relación co ámbito da infancia e do libro infantil e xuvenil, entendendo que este é o xeito máis eficaz de garantir futuros lectores e lectoras e unha especial sensibilidade na cultura lectora da cidadanía. Xa que logo, Espazo Lectura procurará dotar aos seus membros dos coñecementos e os instrumentos precisos para levar a cabo o seu labor dentro da asociación.

4**.** Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar calquera tipo de actividade que teña relación cos cometidos que persegue, sempre e cando a lectura ou o libro sexan o elemento nuclear e de referencia. Moi especialmente, consideráranse unha actividade fundacional as sesións de contacontos coñecidas baixo o nome de Contomar; de feito, a asociación Espazo Lectura nace desde o núcleo animador das sesións do Contomar, creadas no ano 2006.

5. Entre outras moitas posibles –sempre coa presenza e o vencellamento directo do libro e o fomento da lectura–, a asociación Espazo Lectura establece as seguintes liñas de traballo:

a) Servir de mediador á cidadanía en cuestións relacionadas cos hábitos lectores e co fomento da lectura, ofrecendo orientación e axuda.

b) Estimular a participación da cidadanía en temas culturais relacionados co libro e coa práctica lectora.

d) Proceder á formación de especialistas en animación lectora e dotar e capacitar as persoas que participen na vida asociativa de Espazo Lectura cos instrumentos e coñecementos necesarios para impulsar os obxectivos fundacionais.

e) Estudar, demandar e impulsar a creación e consolidación de infraestruturas bibliotecarias e culturais para a conformación dunha cultura social lectora.

f) Organizar conferencias, charlas, encontros, simposios, xornadas, congresos, presentacións, etc., relacionadas co libro, cos hábitos lectores e co fomento da lectura.

g) Crear comisións, foros, escolas, premios, talleres ou seminarios permanentes relacionados co libro, cos hábitos lectores e co fomento da lectura.

h) Fomentar e establecer acordos de colaboración con bibliotecas, centros de ensino, asociacións culturais e sociais, entidades, institucións públicas, editoriais, etc., coa finalidade de impulsar os obxectivos da asociación.

i) Realizar campañas de fomento da lectura, que poden ser en colaboración con outras asociacións, institucións ou entidades.

k) Realizar, ofrecer ou intercambiar servizos de asesoramento a institucións públicas e privadas en torno á animación lectora, o libro e o fomento da lectura.

l) Crear unha liña de publicacións en relación cos obxectivos da asociación.

m) Realizar ou publicar estudos sobre o libro, a lectura e a animación lectora.

n) Estudar e detectar as necesidades culturais –moi especialmente as lectoras– de determinados ámbitos poboacionais.

ñ) Promover a protección do patrimonio bibliográfico e cultural máis directamente relacionado coa cultura do libro e a lectura.

o) Fomentar unha cultura da solidariedade e da paz a partir do libro e da lectura.

p) Promover a proxección de audiovisuais que teñan relación cos obxectivos fundacionais.

q) Promover a creación e animación de foros de lectura comentada de libros.

r) Promover a creación e animación de clubs de lectura.

s) Calquera outra actividade que revirta nos obxectivos fundacionais da asociación Espazo Lectura.

6. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados e asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II
SOBRE OS/AS ASOCIADOS/AS

Artigo 6º.
1- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tras o acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que mostren un especial interese na animación á lectura, na defensa dos valores educativos e de ocio que a lectura e o libro conlevan.
2- Poderán ser integrantes da asociación, na súa sección xuvenil, se a Xunta Directiva acordase a súa constitución, os menores non emancipados de máis de 14 anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade legal.
3- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida, e deberán ser logo ratificados pola Asemblea Xeral.
4- Unicamente os socios/as e o persoal contratado pola asociación poderán asistir ás asembleas que se convoquen. En determinadas ocasións, persoas concretas poderían ser convocadas pola Xunta Directiva para asistir a unha asemblea que se determinase previamente, sen voz e sen voto, co fin de que informen aos asistentes ou co fin de informarse de determinadas cuestións sobre as que se lles encomenda un traballo concreto.

Artigo 7º.- Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados e asociadas:

a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.
d) Protectores, aquelas persoas físicas ou xurídicas que, a xuízo da Xunta Directiva, contribúan materialmente e de forma notable ao sostemento da Asociación.
e) Investigadores, aquelas persoas que contribúan periodicamente con achegas intelectuais rigorosas e creativas ás diversas iniciativas da asociación ou que destaquen no ámbito do fomento da lectura e sexan nomeadas socios/as investigadores/as como recoñecemento ao seu traballo.
f) Correspondentes, aquelas persoas nomeadas pola Xunta Directiva para representar a asociación en distintos lugares ou localidades.

g) Xuvenís, aquelas persoas menores de 18 anos e maiores de 14 que participen na asociación e que, de ser creada pola Xunta Directiva, poderían estar integradas na sección xuvenil, achegando unha cota específica que designe a Asemblea Xeral a proposta da propia Xunta Directiva.

Artigo 8º.

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:

a) Por vontade propia, debendo o asociado/a realizar unha petición escrita e proceder ao aboamento previo de todas as cotas que teña pendentes.

b) Por falta de pago de tres cotas.

c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, logo de expediente disciplinario, con audiencia do interesado/a.

d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

e) A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado/a cando se está a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgúns dos fins da Asociación.

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, tras a comunicación á persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º.- Os asociados e asociadas de número e fundadores teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.
5. Os asociados e asociadas poderán pedir a baixa temporal por escrito.

Os asociados e asociadas honorarios e xuvenís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela.
Os asociados e asociadas honorarios, protectores, correspondentes, investigadores e xuvenís están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:
1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos, pois a condición de socio/a na asociación implicará a aceptación dos presentes estatutos, así como a súa observancia e o cumprimento de cantas normas se acorden nos órganos de goberno.
6. Ter unha boa conduta individual e cívica.

CAPÍTULO III
SOBRE OS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

RÉXIME XERAL

Artigo 11º. A Asociación rexerase segundo os presentes estatutos, sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario. Se fose preciso, o Regulamento de Réxime Interno da Asociación desenvolverá os presentes estatutos.

Artigo 12º. O goberno e representación da Asociación Espazo Lectura está a cargo dos seguintes órganos:
a) O/A Presidente/a, Vicepresidente/a 1º, Vicepresidente/a 2º, Secretario/a e Tesoureiro/a, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e representación determinadas polos estatutos.
b) A Xunta Directiva, como órgano colexiado en que a Asemblea delega o goberno permanente.
c) A Asemblea Xeral, como organo central de goberno e control dos/as socios/as.

Artigo 13º. A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 14º.
1. Para ser membro da Xunta Directiva serán requisitos imprescindibles ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e acatar e respectar os presentes estatutos.
2. Os membros da Xunta Directiva serán elixidos, entre os socios, en Asemblea Xeral Extraordinaria, de conformidade co disposto no artigo 21.
3. Convocada a Asemblea Xeral para a designación da Xunta Directiva, os socios que pretendan exercer o seu dereito de elixibilidade terán que presentar a súa candidatura cunha antelación, como mínimo, de vintecatro horas á celebra–ción da Asemblea.
4. Producida unha vacante, provisionalmente, a Xunta Directiva poderá designar a outro membro da mesma para a súa substitución, até que ses produza a elección do vocal correspondente pola Asemblea Xeral na primeira sesión que se convoque.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 15º.
1. **O/A presidente/a da asociación** será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará catro anos. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou, en último caso, polo Tesoureiro/a ou polo vocal de máis idade.

2. O/A presidente/a terá as seguintes atribucións:
   a) Representar a asociación ante calquera organismo público ou privado.
   b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
   c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
   d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
   e) Visar e asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
   f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou sexa precisa para o desenvolvemento das actividades, sen

prexuízo de ter que dar conta posteriormente e ser ratificada pola Xunta Directiva.

3. O/A presidente/a, co voto favorable de dous terzos dos asistentes á Xunta Directiva, poderá ocasionalmente e para actuacións concretas delegar a súa representación en calquera membro da Xunta Directiva, da Asemblea, ou ben a persoas que aínda non sendo membros da Asociación estean capacitadas para representar os seus intereses, coa finalidade de cumprir os fins da Asociacións e os acordos tomados polos seus órganos de goberno.

Artigo 16º.
1. **O/A vicepresidente/a 1º** asistirá nas súas funcións ao Presidente/a e asumirá as tarefas que lle sexan delegadas, tanto xerais como de representación. Ademais, o/a Vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
O/A vicepresidente/a 2º asistirá nas súas funcións ao Presidente/a e Vicepresidente/a 1º e asumirá as tarefas que lle sexan delegadas, tanto xerais como de representación. Ademais, o/a Vicepresidente/a 2º substituirá ao Presidente/a e/ou Vicepresidente 1º nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 17º.
1. **O/A secretario/a** recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 18º.
1. **O/A tesoureiro/a** recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.
2. O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario anual e sometelo á aprobación da Asemblea.

Artigo 19º. **Os vocais** terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 20º. Ao/Á Secretario/a Técnico/a da Asociación, se o houbese, corresponde-lle, por delegación do/a Presidente/a:

1. Dirixir a oficina da Asociación.
2. Ordenar e vixiar a confección dos informes e os documentos, así como atender a correspondencia para a boa marcha da Asociación.
3. Vixiar e ordenar a contabilidade.
4. Convocar, co mandato do Presidente/a ou do Secretario/a a Xunta Directiva e A Asemblea Xeral da Asociación.
5. Todas as actividades que lle encomende a Xunta Directiva.

A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 21º.

1**.-** A asociación será dirixida, administrada e representada pola Xunta Directiva, formada por un/ha presidente/a, un/ha vicepresidente/a primeiro/a, un/ha vicepresidente/a segundo/a, un/ha secretario/a, un/ha tesoureiro/a e tres vocais, todos eles/as elixidos/as por sufraxio libre, que tamén poderá ser secreto a petición dos membros da asemblea.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.
As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- Os cargos da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral. A súa duración será por un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
b) renuncia voluntaria.
c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
d) baixa como membro da asociación
e) incapacitación profesional, declarada de maneira xudicial ou legal.
f) sanción imposta por falta cometida no exercicio do seu cargo
g) inasistencia continuada ás reunións da Xunta Directiva.

h) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados con dereito a voto reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.
A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.
As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 22º.- A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
1. Programar e dirixir as actividades asociativas, así como exercer a representación da asociación.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
3. Tomar calquera acordo en relación coa comparecencia diante dos Organismos públicos e para o exercicio de toda acción legal e a interposición de recursos pertinentes.
4. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
5. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, así como vixiar para que os acordos tomados se cumpran.
6. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
7. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación, así como as persoas que as presidan.
8. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
9. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
10. Elaborar a memoria anual de actividades da asociación e sometela á Asemblea Xeral para a súa aprobación.
11. Responsabilizarse da contratación dos empregados da Asociación, se chegado o caso fose preciso e existise liquidez abonda, moi especialmente a contratación dun/ha Secretario/a Técnico/a.
11. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
12. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación ou que a Asemblea Xeral delegue expresamente na Xunta Directiva.

Artigo 23º.

1**.-** A Xunta Directiva será convocada polo/a presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes, ou polo secretario de acordo co presidente.

2.- A Xunta Directiva reunirase en sesión ordinaria coa periodicidade que os seus membros decidan, pero que, en todo caso, non poderá ser superior a tres meses. E reunirase en sesión extraordinaria cando a convoque con este carácter o/a Presidente/a ou o soliciten o 40% dos seus compoñentes.

3.- A convocatoria realizarase como mínimo con catro días de antelación, mediante citación persoal, na que se recollerá a orde do día. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente/a 1º ou Vicepresidente/a 2º sucesivamente, ou no seu caso o Secretario.

4.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

5.- Os membros da Xunta Directiva están obrigados a asistir a todas as reunións que se convoquen; non obstante, poderán excusar a asistencia por causas xustificadas. En todo caso será necesaria a presenza do/a Presidente/a e do Secretario/a ou os membros da Xunta Directiva que asuman eses cargos cando algúns deles teñan escusado a súa presenza. A asistencia ás reunións da Xunta Directiva non poderá ser delegada.

Artigo 24º.-

1. Os membros da Xunta Directiva presidirán preferentemente as comisións que a propia Xunta acorde constituír co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Con todo, as comisións tamén poderán estar presididas por persoas designadas directamente pola Xunta Directiva. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

2. A Xunta Directiva poderá delegar coa aprobación da metade dos seus compoñentes algunha das súas facultades, creando comisións executivas e designando as persoas que as teñan que formar, tanto se son membros da Xunta Directiva coma se non o son. Poderanse formar comisións delegadas de carácter local.

3. Tamén poderá nomear un ou diversos mandatarios, tanto se son membros da Asociación coma se non, para exercer a misión que a Xunta lles confíe, coas facultades que crea oportuno conferirlles en cada caso.

Artigo 25º.

1. A Xunta Directiva poderá designar, chegado o caso, a persoa que leve a Secretaría Técnica da Asociación.

2. A persoa que exerza o cargo de Secretario/a Técnico/a non terá por que ser membro da Asociación, e neste caso asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

3. O cargo de Secretario/a Técnico/a da Asociación poderá ser retribuído con cargo ao presuposto anual.

A ASEMBLEA XERAL

Artigo 26º.- A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os integrantes desta. O/A presidente/a e o/a secretario/a da asemblea serán o/a presidente/a e o/a secretario/a da Xunta Directiva. Se están ausentes serán substituídos sucesivamente polo/a Vicepresidente/a primeiro/a para o primeiro caso e polo directivo/a de máis idade da Xunta Directiva para o caso do/a secretario/a ou, no seu defecto, aquel que sexa nomeado pola Xunta Directiva.

Artigo 27º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano e dentro dos tres primeiros meses, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 30% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 28º.- Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias, a través de correo postal ou electrónico.

Artigo 29º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances (Memoria de Xestión) do exercicio anterior.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas, ordinarios ou extraordinarios.

Artigo 30º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da asociación.
2. Elixir os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. As non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 31º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 32º. Na convocatoria han de aparecer o lugar e hora da xuntanza, así como a Orde do Día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan. Tamén ha de sinalarse a hora da segunda convocatoria.

Artigo 33º. As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.
Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 34º. Todos os asuntos se debatirán e votarán conforme figuren na orde do día. O/A presidente/a iniciará o debate, abrindo un primeiro turno de intervencións durante o que se fará uso da palabra previa a súa autorización. O presidente moderará os debates, puidendo abrir un segundo turno de intervencións ou conceder as palabras por alusións A dinámica de orde e

intervencións na Asemblea será establecida polo presidente/a ou pola persoa que o represente.

Artigo 35º.
1. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos e autorización para o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais, que requirirán maioría do 65% dos votos dos asistentes. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o/a presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.
2. Nas reunións da Asemblea Xeral correspóndelle un voto a cada un dos membros da Asociación.

Artigo 36º. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os/as asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.

Artigo 37º.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO IV
SOBRE O RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 38º. A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 160 euros, dado que cada un dos membros fundadores dona 20 euros a fondo perdido. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche coincidirá co do ano natural.

Artigo 39º. A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, e deberá ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio de exercicio. Asemade, a liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

Artigo 40º. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. Os convenios asinados con entidas públicas ou privadas.
4. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
5. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
6. As achegas voluntarias, que se consideren como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten.
7. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 41º.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 42º. Anualmente, con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas (inventario ou balance de situación), que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 43º. Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 44º. Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V
SOBRE O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 45º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos (como a procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e e o procedemento

disciplinario), e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdicional civil.

CAPÍTULO VI
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 46º.- Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 47º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto. Tamén poderá ser disolta por outras causas determinadas legalmente e por sentenza xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra ou outras asociacións non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma, a ser posible que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.
O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

INDICE

Sobre a asociación……. 01

Sobre os asociados……. 05

Sobre os órganos da asociación……. 07

Órganos unipersoais…….…….. 08

A Xunta Directiva ……..……. 10

A Asemblea Xeral …….……. 13

Sobre o réxime económico……... 15

Sobre o regulamento de réxime interno……. 16

Modificación de estatutos e disolución da asociación…….. 17